



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Delegación exercicio de atribucións xenéricas en concelleiros/as

ANUNCIO

Delegación exercicio de atribucións xenéricas en concelleiros/as

Esta alcaldesa ditou o decreto núm. 08/2023 do 02/01/2023 que di:

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.

Expediente electrónico: 2022/X999/000176

Departamento: alcaldía (adxunto a secretaría)

Expediente núm.: 2023/G003/000007

Procedemento: decretos de organización

Asunto: delegación exercicio de atribucións xenéricas en concelleiros/as

ANTECEDENTES

Logo de ver a necesidade de delegar algunhas das competencias que o/a alcalde/sa ten atribuídas, por mor do interese público, para o obxecto de facilitar o funcionamento do goberno municipal e conseguir unha maior axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno.

E de ver que esta alcaldesa nos decretos 850/2021 do 01/07/2021 e 853/2021 do 02/07/2021 resolveu o nomeamento do concelleiro, Manuel Andrés Iglesias Mouro, como membro da Xunta de Goberno Local e terceiro tenente de alcalde, respectivamente.

No uso das competencias desta alcaldesa, no decreto núm. 854/2021, do 2/07/2021, resolveu conferir a delegación xenérica para a xestión e dirección da área de Cultura, Educación, Turismo, Xuventude e Medios Tecnolóxicos, modificado polos decretos núm. 877/2021 do 06/07/2021, por ampliación, (en materia de Formación), e núm. 1110/2021 do 30/08/2021, por revogación (as materias de Cultura e Turismo), polo que a delegación xenérica quedaría deste xeito: Educación, Xuventude, Medios Tecnolóxicos e Formación. No decreto núm. 1117/2021 do 31/08/2021 na que se da nova redacción ás competencias e ás materias delegadas (suprímese a de Turismo).

E de ver que motivos profesionais dificultan ao concelleiro Manuel Andrés Iglesias Mouro a asistencia ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local nas datas e no horario determinado polo que, dada a transcendencia dos asuntos a tratar que benefician á veciñanza, cómpre o seu cesamento e a súa substitución por un membro do equipo de goberno municipal. A perda de tenente de alcalde pérdese pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local. Pérdese a condición de concelleiro-delegado pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local ou naqueles municipios onde esta non exista, da de tenente de alcalde, no caso das delegacións a que se refiren os artigos 43.3 e 63.3 respectivamente do ROF, ao abeiro do artigo 120.2.c do ROF.

Esta alcaldesa no decreto núm. 1787/2022 do 29/12/2022, polos motivos mencionados, resolveu o cesamento de Manuel Andrés Iglesias Mouro como concelleiro-delegado en Educación, Xuventude, Medios Tecnolóxicos e Formación.

E de ver a necesidade de delegar algunhas das competencias que a alcaldesa ten atribuídas, por mor do interese público, para o obxecto de facilitar o funcionamento do goberno municipal e conseguir unha maior axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno.

O Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria do 24/09/2021 acordou, entre outras, esta dedicación parcial:

Cargo	Retribucións brutas anuais	Dedicación mínima
Concellería-delegada de Educación, Formación, Xuventude e Medios Tecnolóxicos	22.000 €	50 % da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario ríxido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- O alcalde ten atribuída por lei a facultade de delegar determinadas atribucións nos concelleiros da Corporación municipal, segundo o disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, (LBRL), (BOE núm. 80, do 03/04/1985); e no artigo 61.3 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, (LALGA), (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997).

2.- Nos orzamentos municipais en vigor, no anexo de persoal, inclúense as retribucións e competencias indicadas.

E de ver o réxime xurídico desas delegacións que establecen os artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, (ROF), (BOE núm. 305 do 22/12/1986), en relación co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (LRXSP), (BOE núm. 236 do 02/10/2015), no uso das atribucións que me confire a normativa legal vixente.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Conferir a DELEGACIÓN XENÉRICA a prol do concelleiro e para a dirección e xestión das áreas de goberno municipal que se relaciona:

Educación, Formación, Xuventude e Medios Tecnolóxicos

Don Manuel Andrés Iglesias Mouro

As competencias e as materias que abrangue:

- Educación: a participación na programación e do ensino coa administración educativa; a normalización lingüística; a participación e a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.
- Formación: os programas formativos, obradoiros de emprego e a orientación laboral.
- Xuventude: a execución de programas destinados á xuventude; o fomento da participación en actividades municipais. A atención á mocidade.
- Medios Tecnolóxicos: a promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións; a aula Cemit.

2 A delegación que se outorga comprenderá exclusivamente a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que será exercida polo órgano municipal a quen corresponda a competencia, quedando, polo tanto, suxeitas ao réxime xeral previsto no ROF.

En todo caso quedan excluídas as atribucións indelegables expresamente reservadas ao alcalde no artigo 21.3 da LBRL e no artigo 61.3 da LALGa.

3 O concelleiro delegado queda obrigada a informar a esta alcaldesa, a posteriori, da xestión e disposicións que dite e, previamente das decisións de transcendencia, nos términos previstos no artigo 115 do ROF.

4 As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares a outro órgano ou concelleiro/a.

5 Esta delegación terá efecto dende á data de notificación deste decreto ao concelleiro afectado, e será de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avogar do alcalde, ao abeiro do artigo 44 do ROF.

No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros delegados, o alcalde asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avogar a competencia baseada nesta resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste senso.

6 Recoñecer a dedicación parcial ao concelleiro-delegado designado, ao abeiro do acordo do Pleno da Corporación en xuntanza do 24/09/2021, coas retribucións e xornada establecida:

Concellería-delegada de Educación, Formación, Xuventude e Medios Tecnolóxicos	22.000 €	50 % da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario ríxido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas
---	----------	--

As retribucións brutas mencionadas nos parágrafos anteriores, son independentes da cotización do concello á Seguridade Social, percibíranse en catorce pagas, doce correspondentes ás distintas mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, debendo proceder á súa alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

As contías sinaladas incrementaranse anualmente na porcentaxe que experimentarán as variacións anuais que dispoñan os orzamentos do Estado para as dos funcionarios públicos.

7 Tramitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta deste membro da Corporación con dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo. Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

8 Notificar este decreto ao concelleiro afectado, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita, agás manifestación en contra, se dentro do prazo dos tres días soltos seguintes ao da notificación deste decreto non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

8 Comunicar esta resolución aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

9 Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

10 Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.”

Fágoo público ao abeiro dos artigos 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Santa Comba, 20/01/2023

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

(Documento que se asina electronicamente)

2023/367